

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE
REHABILITACIÓN INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO PAZO DO
CONCELLO DE PONTEVEDRA**

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POR)



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REHABILITACIÓN INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO PAZO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Doutra, don Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, e don José Carlos Castiñeira Piñeiro en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

EXPOÑEN

I. Que a Deputación e o Concello de Pontevedra comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que as deputacións deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plan e actuacións que faciliten que concellos e cidadanía poidan acadar os mesmos dereitos e servizos.



II.- Que a tales efectos, a Deputación e o Concello de Pontevedra veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á planificación e execución de proxectos de interese xeral e infraestruturas públicas, tales coma as referidas aos servizos á cidadanía e infraestruturas deportivas ou viarias, entre outras de carácter diverso.

III.- Que ambas administracións locais teñen como obxectivo común a mellora das infraestruturas e equipamentos de titularidade municipal, e dentro das súas funcións de colaboración interadministrativas, apoian o desenvolvemento de políticas que busquen tales obxectivos, que orientaron tamén a redacción do proxecto das obras de rehabilitación interior e mellora da accesibilidade do pazo do Concello de Pontevedra.

A finalidade é a consecución dun obxectivo de claro interese público consistente na rehabilitación e posta en valor dun inmovible de titularidade municipal, mellorando o patrimonio cultural e a calidade do entorno protexido e ofrecer unha maior calidade de servizo ao conxunto da cidadanía, ao modernizar as instalacións municipais existentes.

IV. Que o artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e en sentido semellante o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos establecidos neste artigo, exercendo en todo caso como competencias propias e esenciais, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de infraestruturas e equipamentos de titularidade municipal.

Por outra banda, o art. 36.1 da dita Lei encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación ten previsto na súa planificación a mellora das infraestruturas e equipamentos dos concellos da provincia.

V. Que a Deputación, nos orzamentos do ano 2021, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Pontevedra.

VI. Que os convenios entre Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os

artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; o artigo 57 da LRBRL; os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; así como no disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VII. Que a lexislación vixente en materia de réxime local encomenda ás Deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que instrumenta este convenio dirixido ao cumprimento das obrigas impostas pola normativa vixente.

VIII.- Que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención, en virtude do disposto no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), séndolle de aplicación o réxime xurídico das subvencións. Neste senso, á vista do artigo 22.2 acredítanse na memoria do expediente razóns de interese público, social e económico suficientes que xustifican a súa concesión, tanto de natureza competencial como pola necesidade de apoiar e complementar a capacidade económica do concello e polo interese veciñal das actuacións. Asemade, no artigo 28.1 da LXS establécese que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

IX.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento dos principios de colaboración e cooperación, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra establecen como un dos seus obxectivos estratéxicos a actuación coordinada de apoio en materia de equipamentos e infraestruturas de titularidade municipal e acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os aquí comparecentes, con arranxo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é o de establecer as bases para a colaboración económica entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra para a rehabilitación interior e



mellora da accesibilidade do Pazo do Concello de Pontevedra, regulando as obrigas e compromisos de cada unha das partes asinantes.

SEGUNDA. FINANCIAMENTO

As actuacións ás que se refire o presente convenio teñen un orzamento base de licitación de UN MILLÓN TRESCENTOS SESENTA E UN MIL TRESCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.361.377,69€), IVE incluído, e financiaranse nun 90% pola Deputación de Pontevedra nas anualidades 2021 e 2022, contra a aplicación 2021/942.9420.762.14 e a correspondente aplicación do orzamento do organismo provincial do ano 2022.

O investimento previsto comprende todos os gastos que se derivan da execución das obras a realizar, excluídos os da redacción dos proxectos, que foron realizados polo Concello de Pontevedra, e autorizados, no seu caso, pola Deputación de Pontevedra mediante a súa aprobación polo órgano provincial competente.

O financiamento necesario para a realización das obras comprendidas neste convenio realizarase da seguinte forma:

	2021	2022	TOTAL
Deputación de Pontevedra	970.000,00€	255.239,92€	1.225.239,92€

A achega provincial consiste nunha contía máxima que ascende ao importe sinalado anteriormente, polo que os posibles incrementos que puidesen producirse no orzamento de execución das obras que deriven do procedemento de contratación administrativa ou da execución do contrato, así como das súas posibles modificacións, asumiranse exclusivamente polo Concello de Pontevedra.

No caso de que o investimento realizado teñan un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total do investimento.

TERCEIRA. EXECUCIÓN

1. A execución das actuacións e contratos á que se refire o presente convenio, terá lugar

durante os anos 2021 e 2022 de acordo coas obrigas de financiamento indicadas na cláusula segunda.

Non obstante, o eventual reaxuste das anualidades da execución dos citados contratos poderá dar lugar ao reaxuste da anualidade do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Pontevedra, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación no expediente que se inicie para o reaxuste da anualidade de calquera dos ditos contratos e da resolución que se dite.

2. O proxecto técnico aprobado polo Concello de Pontevedra e que se achega ao presente convenio, determina o ámbito de actuación do convenio.

3. A Deputación poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

4. As actuacións realizadas no marco do convenio estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación. A dita comprobación material é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

5. Cando rematen as obras, o Concello de Pontevedra comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar o acto de recepción destas, ao que asistirá, de consideralo procedente un representante da Corporación provincial. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do dito acto de recepción e a certificación dos acordos municipais que aproben a recepción das obras executadas e a certificación final destas.

CUARTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A achega ao Concello de Pontevedra farase efectiva mediante transferencia bancaria, unha vez presentada a seguinte documentación:

- Facturas rexistradas no punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado (FACE) ou plataforma similar.
- O acordo municipal de aprobación da certificación de obra e da factura correspondente.
- Certificacións de obra executada.



Xunto coa primeira certificación achegárase a seguinte documentación:

- Unha copia da acta de comprobación de replanteo.
- Unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- O nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde
- O contrato de adxudicación da obra.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- O acordo ou resolución de aprobación do proxecto técnico do investimento.

Xunto coa última certificación achegaranse:

- Informe final da ou do director de obra.
- De producirse a tramitación dun modificado, a certificación expedida pola persoa funcionaria competente de que a súa tramitación foi consonte a Lei de contratos.
- Acta de recepción.
- Unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.



- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.
- Xustificar no prazo máximo de tres meses, dende o fin das actuacións perante a Deputación as actuacións executadas.

O concello poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución do investimento, que se aboarán pola contía equivalente á xustificación presentada.

A documentación xustificativa verificarase polos servizos técnicos provinciais e fiscalizarase pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

QUINTA. COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Pontevedra obrígase a:

- Redactar e aprobar a documentación técnica pertinente e o correspondente proxecto de obra, asumindo o seu custo, e debendo remitila aprobada á Deputación.
- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, e remitir unha copia do acordo á Deputación.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Licitat, dirixir, executar, controlar e recibir a obra segundo a documentación técnica pertinente e o correspondente proxecto técnico.
- Remitir, unha vez formalizado o contrato de obra, unha copia deste á Deputación, e comunicar a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente un representante da Deputación.
- Xustificar perante a Deputación o investimento realizado mediante a expedición das correspondentes certificacións de obra aprobadas polo órgano competente do Concello; aboándose para cada certificación que se presente a parte proporcional en relación ao custo total do investimento.



- Comunicar á Deputación a data e hora en que terá lugar o acto de recepción das obras, ao que asistirá, de consideralo procedente, un representante da institución provincial.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que as obras obxecto do presente convenio se levaron a cabo en colaboración coa Deputación.
- Levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción das obras coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Cumprir as obrigas contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no seu regulamento, aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

SEXTA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación obrígase a:

- Financiar os custos derivados do convenio, ata a cantidade disposta na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.



- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015 e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose así mesmo dun convenio cuxas achegas económicas exceden de 600.000,00€.

SÉTIMA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

Conforme ao disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.

OITAVA. PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas á actuación á que se refire o presente convenio figurarán en todos os formatos os logotipos da Deputación e do Concello de Pontevedra.

As accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación e o Concello de Pontevedra.

No cartel de obra figurará a imaxe corporativa da Deputación Provincial e o financiamento da administración provincial ás obras obxecto do presente convenio.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na Resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada

momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

NOVENA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A comisión reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial da Deputación ou na Casa do Concello de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMA. VIXENCIA

O investimento obxecto deste Convenio deberá estar executado e finalizado na data límite do 31/12/2023, fixándose un prazo de xustificación ata o 30/04/2024.



No caso de que, por motivos xustificados, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

DÉCIMA PRIMEIRA. EXTINCIÓN E CAUSAS DE RESOLUCIÓN

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- O acordo unánime dos asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMA SEGUNDA. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003 e o Real Decreto 887/2006 nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

Pola Deputación Provincial

Polo Concello de Pontevedra

Asdo.- M^a Carmen Silva Rego

Asdo.- Miguel Anxo Fernández Lores

O Secretario da Deputación de Pontevedra

O Secretario do Concello de Pontevedra

Asdo.- Carlos Cuadrado Romay

Asdo.- José Carlos Castiñeira Piñeiro

